

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/20-1
Entidade	CONFRARÍA DE CAIÓN	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	Entre punta Alba e Pedra do Sal
Subzonas de explotación	A.-Dende Pedra do Sal a Praia Salseiras B.-Entre Praia Salseiras e Porto de Zorrizo C.-Entre Porto de Zorrizo e Punta Alba.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
13	5	9
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
2	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		160										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	6 kg	-	6 kg

Artes a empregar	Raspa
-------------------------	-------

Puntos de control	Lonxa de Caión
Puntos de venda	Lonxa de Caión e centros de venda autorizados
Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾
	X F M A M X XI A S O N D
Rexeneración zonas improdutivas	
Zonas:	
	X F M A M X XI A S O N D
Extracción semente para resembrar	
Zonas:	



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O plan presentado indican, na modalidade de embarcación, un total de 8 tripulantes con habilitación, cando segundo os datos da Consellería o número total de cotas autorizadas é de 9.

Ampliación: A situación do recurso no ámbito desta confraría e a posible afección que a construción do porto exterior de punta Langosteira pode ter sobre parte do ámbito deste plan, segundo denuncia a propia confraría, non aconsella incrementar o número de percebeiros a pé mais alá da cobertura de vacantes. Por isto, unicamente se aproba o incremento de 2 percebeiros a pé a fin de cubrir a praza que quedou vacante no proceso selectivo levado a cabo no ano en curso e a deixada por un percebeiro que abandonou a actividade. A selección das persoas candidatas farase aplicando o baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Xestión da explotación: A extracción realízase durante todo o ano, mediante a rotación das tres zonas de traballo nas que se divide o ámbito do plan. Ademais, en determinadas datas e co fin de lograr unha explotación máis equitativa, a subzona B (entre Praia Salseiras e Porto de Zorrizo) subdivídese á súa vez en 2 tramos: B1, de praia Salseiras a porto de Caión, e B2, de porto de Caión a porto de Zorrizo.

Puntos de control: Non se achegan as normas de funcionamento do punto de control, limitándose a designar como persoas responsables do control ao vixilante da confraría e ao lonxeiro.

Recoméndase unha maior concreción da organización deste control (horario, control de cupos, expedición de documentos de transporte,...). Este punto considérase moi importante dado que a maior parte dos percebeiros, tanto da modalidade de a pé como dende embarcación, asociados a esta confraría non realizan as súas vendas na lonxa da localidade. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”* En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).